



CONSORCIO DE
SANTIAGO

PATRIMONIO |

Xuntanza dos Consorcios de Cuenca, Toledo e Santiago

Os xerentes dos tres Consorcios de cidades Patrimonio da Humanidade que hai en España -Cuenca, Toledo e Santiago- e o inspector xeral do Ministerio de Facenda e Función Pública, Ángel Esteban, reuníronse en Compostela para abordar necesidades e retos comúns. Celebraron dúas xornadas de traballo nas que trataron temas como a posta en marcha da Administración dixital, o seguimento da actividade administrativa dos tres consorcios ou a convocatoria dos fondos europeos. E coñeceron as actuacións que está a levar a cabo o Consorcio de Santiago.



EXPOSICIÓNS |

Unha exposición amosa na Casa do Cabido os últimos dez anos de traballo do pintor Rafael Romero Masiá

A Casa do Cabido vai acoller a exposición “Romero Masiá. ‘Pintor en Compostela’. Abstracción/ Figuración”, que reúne obras pictóricas realizadas na última década polo artista compostelán Rafael Romero Masiá. Nela figuran obras totalmente abstractas, outras meramente figurativas, e tamén outras que conxugan os dous conceptos. Hai diversidade de técnicas e soportes como papel, táboa, tea, metacrilato, cartón pluma... e materiais como ceras, óleos, lapis e mesmo algunha incursión no mundo dixital. A mostra poderá visitarse a partir do 25 de febreiro, de martes a sábado de 10 a 14 e de 16 a 20 horas, e os domingos de 11 a 14 h; os luns pecha ao público.



PUBLICACIÓNS |

Complétase a biografía máis ampla de Castelao, unha obra do historiador Miguel Anxo Seixas

O Consorcio de Santiago e a Editorial Galaxia coeditan *Castelao. Construtor da nación*, a biografía máis completa que existe ata o momento do intelectual galeguista, unha obra do historiador Miguel Anxo Seixas que consta de tres tomos. O primeiro volume, que abrangue de 1886 a 1930, publicouse en 2019. Agora preséntanse os outros dous (de 1931 a 1939 e de 1940 a 1950). Esta monumental biografía, que suma 3.919 páxinas, está concibida polo autor como un diario da vida cotiá de Castelao, cos fitos da súa cronoloxía persoal e pública, xunto á actualidade da época.

MÚSICA |

En marzo, novas viaxes coa Real Filharmonía de Galicia

A primeira viaxe musical será o día 10 con destino a “Praga-Bohemia”, no que será o debut de Roberto Forés-Veses á fronte da orquestra. Seguirá “Desde Rusia con amor”, o 16 en Vigo e o 17 en Santiago, co violinista Robert Lakatos e o regreso do mestre Manuel Hernández-Silva. Con Paul Daniel chegará “Feito en Hamburgo”, dúas grandes sinfonías da historia da música o 24 en Santiago e o 25 en Ferrol. “Primavera xermánica” é un programa en torno á figura de Schumann xunto ao director e violoncellista Nicolas Altstaedt, o 31 en Santiago e o 1 de marzo en Lugo.



O violinista Robert Lakatos tocará coa RFG



Paul Daniel remata a súa etapa como director artístico e titular da Real Filharmonía de Galicia en decembro de 2022

Paul Daniel, director artístico e titular da Real Filharmonía de Galicia desde 2013, comunicou a súa decisión de renunciar á titularidade da orquestra ao rematar o vixente contrato, en decembro de 2022. No seu escrito de renuncia, expresa que se sente “o director máis afortunado do mundo por ter traballado durante todo este tempo de maneira tan positiva e frutífera co grupo tan marabilloso de músicos e profesionais que conforman a Real Filharmonía de Galicia”. Neste período destaca o seu firme compromiso coa promoción e difusión da música feita en Galicia, a apertura cara a novos formatos de concertos na procura de novos públicos e o continuo diálogo con outras manifestacións musicais.